



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE
VILANOVA DE AROUSA CELEBRADA O DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2012.**

ASISTENTES

Alcalde: Gonzalo Durán Hermida

Concelleiros/as:

Partido Popular (P.P): Julio Varela Núñez;; Áurea Bermúdez Oubiña; Ana María Carballa Magariños; José Luis Novo Galbán; Manuel Sineiro Cores; Dorinda Rosa Pérez González; Nuria Morgade Pouso; Alejandro Costa Piñeiro; Benito Portas Blanco e José Portas Núñez.

Excusaron a súa ausencia a concelleira D^a María Rosa Rodríguez Lago e o concelleiro Alejandro Costa Piñeiro.

PSdeG-PSOE: María José Vales Martínez; María Ángeles Pérez Piñeiro e José Luis Tourís Oubiña.

BNG: María do Carme Alfonso Leiro e Juan Luis Nogueira Moure.

Secretario Xeral: Javier Bouzada Romero.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as 20,30 horas do día 1 de outubro de 2012, previa convocatoria, reúnen-se en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as integrantes do Pleno da Corporación relacionados co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

Na sesión tratáronse os seguintes asuntos:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACTA DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 23 DE XULLO E 24 DE SETEMBRO DE 2012.- Sometida a votación acta da sesión do día 23 de xullo resultou aprobada por 9 votos a favor (PP), 3 abstencións (PSdeG-PSOE) e 2 en contra (BNG). A continuación someteuse a votación o acta da sesión celebrada o día 24 de setembro de 2012 resultando aprobada por 9 votos a favor (PP) e 5 abstencións (PSdeG-PSOE e BNG).

2º.- ENTREGA DE COPIA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O DÍA 23 DE XULLO DE 2012.- Acto seguido faise entrega aos voceiros dos grupos políticos municipais do PSdeG_PSOE e do BNG das copias das resolucións da Alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario celebrado o día 23 de xullo de 2012.



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

3º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.- Polo Secretario dáse lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico sobre a aprobación inicial da ordenanza reguladora da administración electrónica.

Polo BNG intervén a súa voceira D^a M^a do Carme Alfonso Leiro quen manifesta que o seu grupo político votará afirmativamente toda vez que queda garantido no texto da mesma a dereito a seguir relacionándose en soporte papel coa Administración municipal.

Polo PSdeG-PSOE intervén o seu voceiro D. José Luis Tourís Oubiña anunciando o voto favorable do seu grupo e suxerindo ao Pleno que se modifique, no artigo 13.c) a expresión "A xeito de exemplo a Administración municipal poderá", pola expresión "En todo caso a Administración municipal deberá".

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade aceptándose a suxerencia indicada, polo que o Pleno acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora da Administración Electrónica.

Segundo.- Abrir un prazo de información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta días mediante a publicación do correspondente anuncio no BOP para que os interesados poidan presentar reclamacións e suxerencias. Durante o dito prazo os interesados poderán consultar o texto da Ordenanza na páxina web do concello dentro do apartado "Ordenanzas e Regulamentos" e na Secretaría Xeral do concello.

Terceiro.- As reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e a aprobación definitiva da Ordenanza deberán someterse ao Pleno. Non obstante o anterior, no suposto de que non se tivera presentada ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

4º.- DETERMINACIÓN DOS COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS A PERCIBIR POLO PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN NOS SUPOSTOS DE INCAPACIDADE TEMPORAL. Polo Secretario dáse lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico sobre os complementos retributivos a percibir polo persoal ao servizo da Corporación nos supostos de incapacidade temporal.

Polo Sr. Alcalde se manifesta que se trata de facer uso da posibilidade de regular estes complementos que outorga aos concellos o



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Real Decreto-Lei 20/2012, do 20 de xullo, engadindo que a proposta que se somete a aprobación foi consensuada na súa meirande parte cos delegados de persoal funcionario e co Comité de Empresa.

O grupo municipal do BNG anuncia a súa abstención por estar en contra do contido do Real Decreto-Lei 20/2012. Pola súa parte o PSdeG-PSOE anuncia o seu voto favorable.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por 12 votos a favor (PP e PSdeG-PSOE) e 2 abstencións (BNG), polo que o Pleno acorda:

Primeiro.- Recoñecer ao persoal do concello, cando a súa situación de incapacidade temporal (IT) derive de continxencias comúns, o dereito á percepción dos seguintes complementos:

- a) Durante os tres primeiros días, un complemento retributivo do cincuenta por cento (50 %) das retribucións que viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.
- b) Desde o día cuarto ata o vixésimo, ambos inclusive, nesa situación de IT derivada de continxencias comúns, se recoñece un complemento á prestación económica que lle sexa recoñecida pola Seguridade Social, sen que a suma de ambos poida superar o setenta e cinco por cento (75 %) das retribucións que viñera correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.
- c) A partir do día vixésimo primeiro e ata o nonaxésimo, ambos inclusive, se lle recoñecerá a totalidade das retribucións básicas, da prestación por fillo ao seu cargo, no seu caso, e das retribucións complementarias.

Segundo.- Cando a situación de IT do persoal derive de continxencias profesionais, a prestación que lle recoñeza a Seguridade Social complementarase, desde o primeiro día, ata alcanzar o cen por cen (100%) das retribucións que viñera correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

Terceiro.-

1.- O persoal funcionario de carreira que desenvolva postos de traballo incluídos na correspondente RPT e que estea adscrito a un réxime especial de seguridade social do mutualismo administrativo, cando se atope na situación de IT por continxencias comúns, percibirá as seguintes retribucións:



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

- a) O cincuenta por cento (50 %) das retribucións tanto básicas como complementarias, como da prestación de fillo ao seu cargo, no seu caso, desde o primeiro ao terceiro día da situación de IT, tomando como referencia aquelas que percibían no mes inmediato anterior ao de causarse a dita situación de IT.
- b) Desde o día cuarto ao vixésimo día, ambos inclusive, percibirá o setenta e cinco por cento (75 %) das retribucións tanto básicas como complementarias, como da prestación de fillo ao seu cargo, no seu caso.
- c) A partir do día vixésimo primeiro e ata o nonaxésimo, ambos inclusive, percibirá a totalidade das retribucións básicas, da prestación por fillo ao seu cargo, no seu caso, e das retribucións complementarias.
- d) A partir do día nonaxésimo primeiro, será de aplicación o subsidio establecido en cada réxime especial de acordo coa súa normativa.

2.- Cando a situación de IT derive de continxencias profesionais, a retribución a percibir será complementada, desde o primeiro día ata alcanzar o cen por cen (100%) das retribucións que viñera correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade. Igualmente, a partir do día nonaxésimo primeiro, será de aplicación o subsidio establecido en cada réxime especial de acordo coa súa normativa.

3.- En ningún caso o persoal funcionario de carreira que desenvolva postos de traballo incluídos na correspondente RPT e estea adscrito a un réxime especial de seguridade social do mutualismo administrativo, poderá percibir unha cantidade inferior en situación de IT por continxencias comúns á que corresponda aos funcionarios adscritos ao réxime xeral da Seguridade Social, incluídos, no seu caso, os complementos que lles resulten de aplicación a estes últimos.

Cuarto.- Facultase expresamente á Xunta de Goberno Local para determinar e recoñecer, en cada caso concreto e previo informe dos Delegados de persoal funcionario ou do Comité de Empresa, segundo proceda, o complemento a que se refire o apartado 5 do artigo 9 do Real Decreto-Lei 20/2012.

Exceptúanse do trámite anterior os seguintes supostos nos que o persoal percibirá automaticamente un complemento ata alcanzar o cen por cento (100 %) das retribucións que viñera percibindo en cada momento:



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

- a) Hospitalización e intervención cirúrxica e períodos postoperatorios ou de recuperación posteriores.
- b) Períodos de tratamento e recuperación por radioterapia ou quimioterapia en procesos oncolóxicos.
- c) Períodos de tratamento e/ou terapia e recuperación por enfermidades dexenerativas, irreversibles e/ou incurables
- d) Maternidad.
- e) Risco por embarazo.
- f) Risco durante a lactación natural.
- g) Paternidad.

Quinto.- As referencias a días incluídas neste acordo entenderanse realizadas a días naturais.

Sexto.- Con efectos do 15 de xullo de 2012, queda expresamente derogado o artigo 34 do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral do concello e o artigo 39 do II Acordo Marco do Persoal Funcionario, ambos aprobados polo Pleno o día 31 de outubro de 2006.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 5.1. DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI INCLUINDO ENTRE OS BENS EXENTOS DO IMPOSTO OS HOSPITAIS E OS CENTROS SANITARIOS DE TITULARIDADE PUBLICA.- Polo Secretario dáse lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico á proposta de aprobación inicial da modificación do artigo 5.1. da Ordenanza Fiscal reguladora do IBI incluíndo entre os bens exentos do imposto os hospitais e os centros sanitarios de titularidade pública.

Polo Sr. Alcalde se manifesta que se trata de cumprir cun dos requisitos que o SERGAS lle esixe á Mancomunidade do Salnés antes da cesión dos terreos para ampliación do Hospital do Salnés. Polo Alcalde se matiza que se exime do IBI aos terreos xa comprados pola Mancomunidade do Salnés pertencentes a este termino municipal nos que está previsto construír a vía perimetral do mesmo unha vez construída a ampliación prevista, sen que en ningún caso se poidan realizar sobre os mesmo actividades privadas suxeitas a concesión administrativa xa que iso iría noutros terreos que aínda non foron adquiridos e que, en todo caso, non estarían exentos do IBI.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade polo que o Pleno acorda:

Modificar o artigo 5.1 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I.) aprobada polo Pleno do 11 de outubro de 1989 (BOP: nº 291 do 16 de decembro de 1989) que queda redactado do seguinte xeito:



"1. - Aqueles que sendo propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, estean efectos a defensa nacional, seguridade cidadán e aos servizos educativos, e penitenciarios, así como os hospitais e centros sanitarios de titularidade pública; igualmente, ás estradas, os camiños, os de dominio público marítimo, terrestre e hidráulico e as demais vías terrestres que sexan de aproveitamento público e gratuito."

6º.- RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ALLEAMENTO DUN PARCELA DO SECTOR DEIRO PROPIEDAD DO CONCELLO.-

Polo Secretario dáse lectura ao ditame favorable (por 4 votos a favor dos concelleiros do PP e 1 en contra do concelleiro do PSdeG-PSOE) da Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico á proposta de resolución do expediente de contratación do alleamento dun parcela do Sector Deiro propiedade do concello.

Polo Sr. Alcalde se manifesta que o concello debe velar polo cumprimento do Convenio do 25 de xaneiro de 2010 asinado coa empresa DESARROLLOS VILANOVA SL e incorporado ao Planeamento Municipal, de aí que ante o incumprimento por parte da empresa das súas obrigas deban iniciarse os trámites administrativos e, no seu caso, xudiciais que sexan procedentes para facer efectivos os dereitos do concello.

Polo BNG intervén D^a Carmela Alfonso Leiro quen manifesta que o seu grupo votará de xeito negativa a proposta de acordo xa que vai a supoñer máis gastos xudiciais. Ao mesmo tempo pregunta ao Sr. Alcalde se non vai pedir perdón a todos aqueles parados que hai case xa dous anos gardaron colas ante o concello para solicitar un posto de traballo nunha área comercial que non se vai a construír, engadindo que os únicos que ata o de agora resultaron beneficiados son os propietarios dos terreos adquiridos como rústicos e logo recualificados como urbanizables.

Polo PSdeG-PSOE D. José Luis Tourís Oubiña manifesta que o seu grupo votará en contra e que sería desexable que se negociase coa empresa unha solución xa que o concello vai ter que soportar uns gastos xudiciais moi custosos, suxerindo que se admita o pago da cantidade inicialmente prevista no convenio sen actualización do IPC.

A continuación intervén o Alcalde para manifestar a súa estrañeza polo feito de que ao BNG lle preocupen os parados cando sempre estivo en contra de construír o área comercial. Respecto ao grupo municipal socialista manifesta que de acceder a una rebaixa do prezo a favor da empresa estaría incorrendo en prevaricación por canto se violaría o Convenio e, por ende, o planeamento municipal, engadindo que o problema da empresa e a falta de financiamento para a construción do centro comercial e que, neste momento, ao parecer, non pode reunir nin a cantidade inicial fixada no convenio de 957.743,20 euros nin a resultante da súa actualización, é dicir, 1.011.376,90 euros. Non obstante, manifesta que o concello xa posúe un



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

terreo municipal con esa valoración cando ao comezo do proceso non tiña nada.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde manifestando que en días pasados púxose en contacto cos responsables da empresa ALCAMPO que lle manifestaron que a súa intención era cumprir o contrato que tiñan asinado con DESARROLLOS VILANOVA SL para construír o centro comercial antes do remate do ano 2013. Sometido o asunto a votación foi aprobado por 9 votos a favor (PP) e 5 en contra (PSdeG-PSOE) e BNG), polo que o pleno acorda:

Primeiro.- Ratificar as resolucións adoptadas pola alcaldía en datas 7 de xuño e 9 de agosto recaídas no expediente de contratación para o alleamento do terreo de cesión obrigatoria ao concello do denominado "Sector Deiro".

Segundo.- Declarar deserto o procedemento de adxudicación do contrato de alleamento do terreo de cesión obrigatoria ao concello do denominado "Sector Deiro".

Terceiro.- Facultar expresamente á Xunta de Goberno Local para que en nome e representación do concello impulse todas as actuacións administrativas e interpoña as accións xudiciais que procedan para facer efectivo os dereitos recoñecidos ao concello no Convenio Urbanístico de 25 de xaneiro de 2010 asinado coa entidade mercantil DESARROLLOS VILANOVA S.L.

7º.- MOCIÓNS.-

A) DO BNG

7.1.- SOBRE ETIQUETAXE DOS PRODUTOS DA PESCA E DA ACUICULTURA NA UNIÓN EUROPEA.- Por D^a M^a do Carme Alfonso Leiro dáse lectura e se procede á defensa da moción sobre etiquetaxe dos produtos da pesca e da acuicultura na Unión Europea.

Polo PSdeG_PSOE intervén D^a María José Vales Martínez para manifestar o apoio do seu grupo á moción.

Polo PP intervén D. José Portas Nuñez para manifestar o acordo do grupo municipal popular coa parte dispositiva e técnica da moción aínda que non coas afirmacións que se verten na súa parte expositiva.

Remata o debate o Sr. Alcalde manifestando que dado a importancia dos sector mexiloeiro e pesqueiro no municipio non cabe outra cousa que apoiar a moción ademais de que resulta lóxico que o consumidor saiba en todo momento a procedencia do produto que adquire.

Sometida a proposta a votación foi aprobada por unanimidade polo Pleno na súa parte dispositiva que dispón:



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

1. Instar á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado para que, no trámite de aprobación definitiva do documento *Organización Común do Mercado (OCM) dos produtos da pesca e da acuicultura*, defenda a inclusión obrigatoria nas etiquetaxes da procedencia dos produtos galegos do mar.
2. Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Parlamento Galego.

7.2. SOBRE AS NORMAS URBANÍSTICAS EN AS SINAS.- Por D. Juan Luis Nogueira Moure dáse lectura á moción presentada polo grupo municipal do BNG en relación coas normas urbanísticas en As Sinas. Na dita sesión dáse traslado dun escrito asinado pola Asociación de Veciños de As Sinas e Aduana de Corón no que se solicita que en atención á próxima modificación da Lei de Costas polo concello se promova unha modificación puntual das NNSS do concello de aplicación en As Sinas e en Aduana de Corón para axustalas á nova Lei de Costas e rematar cunha anomalía que data do ano 1997.

De seguido polo Sr. Alcalde e coa conformidade de todos os concelleiros se decide suspender o pleno durante dez minutos coa finalidade de facer unhas puntualizacións de carácter técnico coa cos case trinta veciños desas zonas que se atopan no salón de sesións e ante a advertencia do Sr. Secretario de que non podían intervir no Pleno ao non terse solicitada regulamentaria a súa intervención.

Reanudada a sesión os grupos municipais pactaron un novo contido da moción que foi aprobada por unanimidade co seguinte texto:

“Que unha vez que entre en vigor a modificación da vixente Lei de Costas do ano 1988 que se está a tramitar nas Cortes Españolas, se reuna a Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos e Infraestruturas do concello para iniciar a tramitación unha modificación puntual das NNSS do concello vixentes desde o ano 1997 na que se cualifique como solo urbano todo tramo, sen excepción, que discorre a 20 metros da costa desde a zona de Aduana de Corón por todo As Sinas ata enlazar co casco urbano de Vilanova no barrio de San Pedro.”

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

A) Do BNG.-

Dª Mª do Carme Alfonso Leiro formulou as seguintes preguntas:

- 1.- Sobre o pago do alugamento dos vestiarios do campo de fútbol de O Terrón incluídos no Plan de Axuste.- Lle contesta o concelleiros de Facenda D. Benito Portas Blanco manifestando que se está analizando o custo de adquisición dos mesmos con varias empresas.



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

2.- Sobre ampliación das prazas da Escola Infantil Municipal de Vilanova o que se contrapón co acordo plenario de ir creando escolas nas distintas parroquias. O alcalde lle contesta que non se pode renunciar a unha subvención da Xunta de Galicia e que no resto das parroquias non hai un número de nenos suficientes nin recursos para abrilas.

3. Sobre unha colaboración económica cun centro do OPUS DEI en San Miguel. O Alcalde contesta que o grupo de goberno municipal colabore con calquera relixión na medida das súas posibilidades e sempre que se trate de actos de interese xeral para todos os veciños.

4. Sobre o gastos de 53,00 en reparación dunha embarcación. O concelleiro de Facenda lle contesta que se trata dunha reparación da zodiac de Protección Civil.

Roga que se lle faga entrega do proxecto da obra de Esparcemento no Terrón incluída no PAM, contestándolle o alcalde que o pode pedir ao traballador que tramita este asunto.

B) Do PSdeG-PSOE.-

Da Ma José Vales Martínez preguntas pola celebración dos cursos de adultos nos Institutos do concello, contestándolle o concelleiro de Educación Sr. Sineiro Cores que a Xefatura Territorial de Educación non os subvenciona e que, polo tanto, non se celebrarán.

A mesma concelleira roga que se estude o funcionamento do semáforo de San Miguel a fin de que se corrixan as deficiencias. O Alcalde manifesta que se porá en contacto coa empresa para que faga un novo estudio de frecuencias.

José Luis Tourís Oubiña roga que se repare un poste caído en Ousensa e que se solucione o asunto da sinalización no cruce da estrada entre Andrés e Caleiro. Por último pregunta polos postes de A Cerca, contestándolle o Alcalde que se está a negociar con Unión-Fenosa o asunto.

C) DO PP.-

O concelleiro de deportes D. Benito Portas Blanco fai o rogo de que se felicite ao regatista Bernardo Paz pola conquista en Italia do título mundial nunha especialidade de vela. Se acepta o rogo.

E non habendo máis asuntos de que tratar polo Sr. Alcalde se levantou a sesión sendo as 21,50 horas, do que se estende o presente acta da que como Secretario Xeral certifico e dou fe.